

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I12E	Expediente CON/32/2016	

### ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Execución das obras do Proxecto de modernización das instalacións do alumeadado público en: Busto, Figueiras, A Gracia e outras (Incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS).

**TIPO DE LICITACIÓN:** 65.761,28 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 27 de setembro de 2016, ás 9:55 horas.

#### ASISTENTES:

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal

**Vocais:** D. María Rozas, representante do grupo CA.  
Dna. María José Corral, representante do grupo PP.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

#### OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	07/09/2016	42.188	B70235379 IDM PEREIRA SL
2	20/09/2016	44.279	B15467921 TECNICA 4 INGENIERIA Y MONTAJES SLU
3	20/09/2016	44.380	B15411705 ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL
4	20/09/2016	44.419	B70054002 JAVI-LUZ ELECTRICIDAD SL
5	21/09/2016	44.532	B36584092 SAIDRES DE TRASDEZA, SL
6	21/09/2015	44.554	B27429653 MANUEL NOVOA CASTRO SLU
7	21/09/2016	44.627	B70336482 EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L.
8	22/09/2016*	44.714	<b>A28423853 FERROSER INFRAESTRUCTURAS, SA (FORA DE PRAZO)</b>
9	22/09/2016*	44.716	A08190696 COPCISA SA
10	22/09/2016*	44.784	A84408954 ACEINSA MOVILIDAD SA
11	22/09/2016*	44.805	B36823227 SIELVIGO S.L

\*Proposición recibida por correo

En primeiro termo, verificanse a data de presentación da oferta da empresa FERROSER INFRAESTRUCTURAS, SA e, dado que foi presentada un día fora de prazo, acórdase a súa exclusión da licitación.

A continuación, a mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da documentación "administrativa" requerida no prego de aplicación, resultando as seguintes incidencias:

. a empresa IDM PEREIRA SL declara que contratará para esta obra a 0 traballadores desempregados, incumprindo o requerimento do prego que fixa un mínimo do 10% dos traballadores a utilizar, polo que a mesa acorda a súa exclusión da licitación.



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10112E	<i>Expediente</i> CON/32/2016	

15078DCON10112ED



. as empresas TECNICA 4 INGENIERIA Y MONTAJES SLU, JAVI-LUZ ELECTRICIDAD SL, MANUEL NOVOA CASTRO SLU e ACEINSA MOVILIDAD SA, declaran que contratarán para esta obra a 1 traballador desempleado, acordando a mesa que se lles requira, concedéndolles para elo un prazo de tres días, para que confirmen que, en todo caso, isto representa alomenos ó 10% dos traballadores a utilizar na obra.

Ás 10:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**  
**O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10112E	Expediente CON/32/2016	

15078DCON10112ED



## **ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Execución das obras do proxecto de modernización das instalacións do alumeadado público en: Busto, Figueiras, A Gracia e outras (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS).

**TIPO DE LICITACIÓN:** 65.761,28 euros máis IVE.

**PROCEDIMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 6 de outubro de 2016 ás 9:36 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal.

**Vocais:** Dna. Branca Novo, representante do grupo CA.  
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
Dna. Luisa Prego de Oliver López, xefa da asistencia xurídica, en substitución do director da asesoría xurídica.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten un representante da Federación Gallega de la Construcción e en un representante da empresa COPCISA SA.

Verificado que as deficiencias detectadas na anterior reunión desta mesa na documentación de distintos licitadores foron correctamente subsanadas, procédese á apertura, en audiencia pública, dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

<b>Nº DE ORDE</b>	<b>NOME DO LICITADOR</b>	<b>PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)</b>
2	B15467921 TECNICA 4 INGENIERIA Y MONTAJES SLU	61.984,58
3	B15411705 ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	60.375,43
4	B70054002 JAVI-LUZ ELECTRICIDAD SL	53.995,45
5	B36584092 SAIDRES DE TRASDEZA, SL	64.444,00
6	B27429653 MANUEL NOVOA CASTRO SLU	49.320,96
7	B70336482 EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L.	46.269,64
9	A08190696 COPCISA SA	54.733,11
10	A84408954 ACEINSA MOVILIDAD SA	63.861,30
11	B36823227 SIELVIGO S.L	62.144,41

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de analizar a posible calificación dalgunha das ofertas como baixa anormal ou desproporcionada. De ser así, daráselle ós afectados o trámite de audiencia previsto na lei.

Ás 9:44 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, doo fe.

**Vº E PRACE**  
**O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**

**Expediente:** Obras de "Modernización das instalacións de alumeado público en: Busto, Figueiras, A Gracia, Grixoa, A Peregrina e San Xoán de Fecha" (PAS-2015)

**Asunto:** Ordenación das ofertas económicas segundo factor prezo e determinación das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

## INFORME TÉCNICO

### Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para a ordenación das ofertas económicas (sobre C) segundo o criterio de valoración factor prezo (cláusula 9) e para a determinación das ofertas con valores anormais ou desproporcionados (cláusula 15.3) do procedemento de contratación das obras de "Modernización das instalacións de alumeado público en: Busto, Figueiras, A Gracia, Grixoa, A Peregrina e San Xoán de Fecha", incluídas no PAS-2015 da Excm. Deputación Provincial da Coruña, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/32/2016.

### Apertura sobre C

Con data 06/10/2016 celebrouse a reunión da mesa de contratación para a apertura do sobre C dos licitadores non excluídos ata dito momento.

Efectuada a mesma, non se detectaron incidencias que apuntar. En consecuencia, as ofertas económicas dos licitadores que continúan no procedemento foron:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E)	BAIXA
2	TÉCNICA 4 INGENIERÍA Y MONTAJES, S.L.U.	61.984,58 €	5,74%
3	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	60.375,43 €	8,19%
4	JAVI-LUZ ELECTRICIDAD, S.L.	53.995,45 €	17,89%
5	SAIDRES DE TRASDEZA, S.L.	64.444,00 €	2,00%
6	MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.U.	49.320,96 €	25,00%
7	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	46.269,64 €	29,64%
9	COPCISA, S.A.	54.733,11 €	16,77%
10	ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	63.861,30 €	2,89%
11	SIELVIGO, S.L.	62.144,41 €	5,50%

Orzamento base (anexo I.3.A)	65.761,28 €
Orzamento execución por contrata (21% IVE engadido)	79.571,15 €
Prazo de execución (anexo I.6)	2 meses

Ningún licitador manifestou concorrer con vinculación con outro.

### Ordenación das ofertas segundo o criterio de valoración

De acordo coa cláusula 9 do PCAP, o contrato, sen prexuízo do establecido no mesmo en relación coas ofertas con valores anormais ou desproporcionados, adxudicarase

á empresa que presente a oferta económica mais vantaxosa consistente no prezo mais baixo.

Preséntase a continuación a ordenación de menor a maior dos licitadores segundo o prezo ofertado para o contrato:

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	7	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	46.269,64 €	29,64%
2º	6	MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.U.	49.320,96 €	25,00%
3º	4	JAVI-LUZ ELECTRICIDAD, S.L.	53.995,45 €	17,89%
4º	9	COPCISA, S.A.	54.733,11 €	16,77%
5º	3	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	60.375,43 €	8,19%
6º	2	TÉCNICA 4 INGENIERÍA Y MONTAJES, S.L.U.	61.984,58 €	5,74%
7º	11	SIELVIGO, S.L.	62.144,41 €	5,50%
8º	10	ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	63.861,30 €	2,89%
9º	5	SAIDRES DE TRASDEZA, S.L.	64.444,00 €	2,00%

#### Determinación ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados

A determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados realizase mediante o procedemento previsto na cláusula 15.3.2 do PCAP segundo o suposto de 4 ou mais ofertas:

- Media das ofertas económicas dos licitadores non excluídos despois da apertura do sobre C e non vinculados (1ª media) ..... 57.458,76 €
- Valor límite das ofertas para a consideración do cálculo dunha nova media (1ª media + 6,67%) ..... 61.291,26 €
- Ofertas económicas que superan o valor límite e exclúense do cálculo da nova media

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
6º	2	TÉCNICA 4 INGENIERÍA Y MONTAJES, S.L.U.	61.984,58 €	5,74%
7º	11	SIELVIGO, S.L.	62.144,41 €	5,50%
8º	10	ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	63.861,30 €	2,89%
9º	5	SAIDRES DE TRASDEZA, S.L.	64.444,00 €	2,00%

- Ofertas económicas non vinculadas que non superan o valor límite para o cálculo da nova media

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	7	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	46.269,64 €	29,64%
2º	6	MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.U.	49.320,96 €	25,00%
3º	4	JAVI-LUZ ELECTRICIDAD, S.L.	53.995,45 €	17,89%
4º	9	COPCISA, S.A.	54.733,11 €	16,77%
5º	3	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	60.375,43 €	8,19%

- Media das ofertas económicas non vinculadas que non superan o valor límite para o cálculo da mesma (2ª media) ..... 52.938,92 €

6. Valor límite das ofertas económicas para a súa consideración como temeraria (2ª media – 6,67%) ..... 49.407,89 €
7. Ofertas económicas inferiores ao valor límite para a súa consideración como temerarias

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	7	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	46.269,64 €	29,64%
2º	6	MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.U.	49.320,96 €	25,00%

### Conclusión

A vista do establecido no PCAP do procedemento de licitación, sométese a consideración da mesa de contratación a avaliación das seguintes ofertas económicas presentadas en canto ao establecido no mesmo para as ofertas con valores anormais ou desproporcionados:

- EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.
- MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.U.

Segundo o sinalado na cláusula 15.3.3 do PCAP, serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal dunha oferta os seguintes, para os que se deberá presentar a documentación relacionada:

#### 1. Xustificación dos prezos ofertados

##### A. Materiais

##### a) Compra

- Carta de compromiso dos provedores.
- Prezos detallados.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

##### B. Maquinaria

a) Aluguer e/ou contratación: relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos.

b) Medios propios: relación detallada da maquinaria.

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

#### 2. Volume de obra

Neste caso, o licitador que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados deberá xustificar a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada


Xustificarse mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.

Ademais do sinalado no PCAP, o técnico que subscribe solicita que sexa incluído nos requirimentos aos licitadores que *“só se aceptarán como elementos a avaliar das xustificacións presentadas aqueles que estean acreditados e debidamente documentados”*.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2016

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo.: Miguel Fernández Solís





CONCELLO DE  
SANTIAGO

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA	EXCLUSIÓN 2ª MEDIA	OFERTAS TEMERARIAS
1º	7	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	46.269,64 €	29,64%		
2º	6	MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.U.	49.320,96 €	25,00%		Temeraria
3º	4	JAVI-LUZ ELECTRICIDAD, S.L.	53.995,45 €	17,89%		Temeraria
4º	9	COPCISA, S.A.	54.733,11 €	16,77%		
5º	3	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	60.375,43 €	8,19%		
6º	2	TÉCNICA 4 INGENIERÍA Y MONTAJES, S.L.U.	61.984,58 €	5,74%	Excluir	
7º	11	SIELVIGO, S.L.	62.144,41 €	5,50%	Excluir	
8º	10	ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	63.861,30 €	2,89%	Excluir	
9º	5	SAIDRES DE TRASDEZA, S.L.	64.444,00 €	2,00%	Excluir	

Orzamento base (anexo I.3.A) 65.761,28 €

Orzamento execución por contrata (21% IVE engadido) 79.571,15 €

Prazo de execución (anexo I.6) 2 meses

Media das ofertas económicas non excluídas e non vinculadas (1ª media) 57.458,76 € 12,63%

Valor límite cálculo 2ª media segundo cláusula 15.3.2.4 (+6,67%) 61.291,26 € 6,80%

Media das ofertas non excluídas e non vinculadas inferiores ao límite para 2ª media 52.938,92 € 19,50%

Valor límite ofertas temerarias segundo cláusula 15.3.2.4 (-6,67%) 49.407,89 € 24,87%

1515





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I12E	<i>Expediente</i> CON/32/2016	

15078DCON10I12ED



## **ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Execución das obras do proxecto de modernización das instalacións do alumado público en: Busto, Figueiras, A Gracia e outras (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS)).

**TIPO DE LICITACIÓN:** 65.761,28 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 3 de novembro de 2016, ás 9:20 Horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal

**Vocais:** D. Xan Duro, representante do grupo CA.  
D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.  
D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

En cumprimento do acordado na anterior reunión desta mesa, deuse audiencia as empresas EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL e MANUEL NOVOA CASTRO SLU, xa que as súas ofertas atopábanse en situación de "valores anormais ou desproporcionados". Preséntase agora o informe realizado polo enxeñeiro municipal de valoración da documentación xustificativa aportada, na que se propón a desestimación das dúas ofertas.

Procede polo tanto excluir da licitación a estas dúas empresas e propoñer ó licitador situado a continuación JAVI-LUZ ELECTRICIDAD SL. Sen embargo, acredítase por extenso certificado emitido pola tesourería municipal, que esta empresa ten varias débedas con este Concello, circunstancia esta insubsanable, xa que debería estar ó corrente nas súas distintas obrigas tributarias e débedas coas distintas administracións ó finalizar o prazo de presentación de proposicións, polo que se acorda tamén excluíla da licitación.

Polo tanto, e, finalmente, quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador COPCISA SA, polo que esta mesa de contratación, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL e MANUEL NOVOA CASTRO SLU por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

**SEGUNDO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa JAVI-LUZ ELECTRICIDAD SL por atoparse en situación de debedora de distintas obrigas económicas e tributarias con este Concello.

**TERCEIRO:** Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador COPCISA SA, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 54.733,11 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I12E	<i>Expediente</i> CON/32/2016	

15078DCON10I12ED



corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**

**Expediente:** Obras de "Modernización das instalacións de alumado público en: Busto, Figueiras, A Gracia, Grixoa, A Peregrina e San Xoán de Fecha" (PAS-2015)

**Asunto:** Análise documentacións xustificación ofertas económicas anormais ou desproporcionadas

## INFORME TÉCNICO

### Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para o análise das documentacións presentadas por EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L. (EXCOMEL) e por MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.U. como xustificación das súas respectivas ofertas económicas presentadas no procedemento de contratación das obras de "Modernización das instalacións de alumado público en: Busto, Figueiras, A Gracia, Grixoa, A Peregrina e San Xoán de Fecha", incluídas no PAS-2015 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/32/2016.

### Antecedentes

Con data 10/10/2016 se informou que as ofertas económicas dos seguintes licitadores encóntranse en situación de "ofertas con valores anormais o desproporcionados" nos termos establecidos na cláusula 15.3.2 do PCAP:

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	7	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	46.269,64 €	29,64%
2º	6	MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.U.	49.320,96 €	25,00%

Con data 24/10/2016, recibíuse do Servizo de Contratación de Obras e Servizos a seguinte documentación presentada a tal efecto para o seu análise:

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	PRESENTACIÓN		LICITADOR
		DATA	REXISTRO	
1º	7	18/10/2016	49.068	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.
2º	6	18/10/2016	49.012	MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.U.


Segundo o sinalado na cláusula 15.3.3 do PCAP, son criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal dunha oferta os seguintes, para os que se deberá presentar a documentación relacionada:

#### 1. Xustificación dos prezos ofertados

##### A. Materiais

##### a) Compra

- Carta de compromiso dos provedores.
- Prezos detallados.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

- b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público.
- B. Maquinaria**
- a) Aluguer e/ou contratación: relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos.
- b) Medios propios: relación detallada da maquinaria.
- C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.**
- 2. Volume de obra**
- Neste caso, o licitador que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados deberá xustificar a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.
- 3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada**
- Xustificárase mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.

Dada a natureza das obras licitadas (subministro e instalación de equipos de alumeadado público), para a avaliación da documentación presentada polos licitadores correspondente ao apartado 1.A "Materiais", inclúese anexo informe técnico do Enxeñeiro Técnico Industrial municipal elaborado para ese efecto.

### Descrición das obras licitadas

De acordo co proxecto que figura no perfil do contratante da páxina web oficial do Concello, as obras consisten na modernización de equipos do alumeadado público en 6 parroquias do medio rural mediante a substitución das actuais luminarias de vapor de mercurio por outras de vapor de sodio de alta presión e o cambio de cableados e cadros eléctricos que se atopan en mal estado.

### Análise técnico das xustificacións presentadas

En anexo ao presente informe, incorpórase o análise individualizado e pormenorizado das documentacións presentadas polos licitadores sinalados, tendo en conta a documentación requirida segundo o establecido na cláusula 15.3.3 do PCAP.

### Conclusión

Propónse á mesa de contratación a desestimación de todas as ofertas económicas por ser anormais ou desproporcionadas polos seguintes motivos:

- EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.

A documentación aportada polo licitador é contraditoria coas súas afirmacións e consideracións, carece totalmente de calquera rigor técnico e en varios dos criterios

previstos na cláusula 15.3.3 do PCAP non presenta a documentación requirida para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da súa oferta, polo que non permite un mínimo análise para su avaliación. Ademais, examinada globalmente, a documentación pode aplicarse xenericamente a calquera tipo de obra.

- **MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.U.**

Non pode informarse favorablemente a xustificación da oferta económica presentada polo licitador segundo os argumentos expostos ao longo do seu análise pormenorizado e polo incumprimento das especificacións técnicas requiridas para os materiais previstas no proxecto.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2016

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo.: Miguel Fernández Solís

## ANÁLISE TÉCNICO DAS XUSTIFICACIÓNS PRESENTADAS

### EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.

Inclúe inicialmente na súa documentación un breve apartado (1 páxina) denominado “2. Puntos que inciden na proposición económica” no que de forma moi xenérica manifesta o seguinte:

- Baixo custo de gastos xerais e beneficio industrial (3%) debido ao produtivo persoal da empresa e pola mellora continua do mesmo motivada pola realización de cursos: non aporta documentación nin datos obxectivos que permitan avaliar o porcentaxe indicado.
- Redución do prazo de execución previsto no proxecto (2 meses) a metade (30 días) debido aos estudos realizados polo licitador en obras de similares características executadas con anterioridade, dispón dun amplo coñecemento dos rendementos da maquinaria e medios persoais, mellorando en consecuencia os prezos e obter unha oferta económica mais vantaxosa segundo o plan de obra que adxunta: na relación de obras contratadas nos últimos anos (2012-2016), que inclúe no apartado 5, non consta ningunha de similares características á licitada (instalacións de alumeado público) e non consta o plan de obra que manifesta axuntar.
- Forte especialización e coñecemento do licitador debido a obras recentemente executadas en parecidas circunstancias e emprazamentos próximos: na relación de obras contratadas nos últimos anos (2012-2016), que inclúe no apartado 5, non consta ningunha de similares características á licitada (instalacións de alumeado público) e a localización das súas obras no ano 2016 foron 3 en Bergondo e 1 en Piornedo (Ancares), que non son emprazamentos próximos a localización das obras licitadas.
- Na preparación da oferta participou persoal técnico que executou obras similares e que sería o encargado de executar as obras licitadas: non acredita con documentación dita afirmación.
- Axuste do custo de gran número de partidas e unidades con destacada incidencia no orzamento do proxecto debido ao especial coñecemento do licitador dos traballos previstos e ao parque de maquinaria que dispón: na documentación aportada non acredita dispor de especial coñecemento da tipoloxía das obras licitadas (rehabilitación de elementos do patrimonio histórico do rural) nin acredita dispor de parque de maquinaria.

Procedese a continuación ao análise do resto da documentación presentada polo licitador tendo en conta os criterios e as determinacións establecidas na cláusula 15.3.3 do PCAP:

#### 1. Xustificación dos prezos ofertados

##### A. Materiais

##### a) Compra

Manifesta (apartado 3.3) que realizou o estudo económico da obra segundo a oferta económica recibida dos seus provedores de confianza.

Non aporta ningunha carta de compromiso dos provedores nin ninguén prezo detallado dos materiais a utilizar nas obras.

No informe técnico do Enxeñeiro Técnico Industrial municipal, sinálase o seguinte:

A empresa EXCOMEL, apenas achega parte da documentación que se lle solicita, limitándose a xustificar os prezos ofertados de man de obra e maquinaria (non os dos materiais), a dispoñibilidade dos medios e equipos, un Certificado de Solvencia Económica, e unha relación de obras feitas nos últimos anos nas cales non aparece algunha que teña un mínimo parecido ca obra que se licita.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): non aporta documentación.

#### B. Maquinaria

a) Aluguer e/ou contratación: manifesta (apartado 4) que a maquinaria necesaria para a execución das obras da que non dispón o licitador en propiedade será alugada. Non aporta relación da maquinaria a alugar nin detalla os seus prezos.

b) Medios propios

Manifesta (apartado 4) dispor en propiedade da seguinte maquinaria: 1 retroescavadora, 1 minidúmpfer, 1 camión-guindastre, 1 plataforma elevadora e pequena maquinaria de man. Non especifica modelos, nin matriculas e non aporta ningún tipo de documentación que acredite a propiedade desta maquinaria.

No apartado 3.2 aporta un listado de prezos de diversa maquinaria sen indicar se a mesma é en propiedade ou en aluguer. O listado correspóndese con obras de construción de estradas e non acredita o cálculo do seu custo no caso de ser da súa propiedade nin oferta económica en caso de aluguer.

Detalla os rendementos da maquinaria que manifesta executará a unidade de obra de escavación mecánica de gabias e pozos pero no calcula o seu custo. Dita unidade de obra non figura no proxecto licitado.

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico: non aporta documentación.

Sinalar ademais, que no apartado 3.1 o licitador procede ao cálculo do custo horario da man de obra utilizando o calendario laboral do ano 2016 do sector da construción na provincia da Coruña e, segundo manifesta, a táboa salarial de dito sector para o ano 2016. Nembargante, a táboa salarial que utiliza é a correspondente ao ano 2013 que foi publicada no BOP nº 229 de 02/12/2013 (páxina 21 do nº de anuncio 2013/14610). A táboa salarial do ano 2016 foi aprobada pola comisión paritaria do convenio colectivo provincial na súa xuntanza de 07/06/2016 e publicada no BOP nº 196 de 17/10/2016 (páxina 2 do nº de anuncio 2016/8103). Os importes da táboa salarial do ano 2016 son superiores aos do ano 2013 que son os utilizados polo licitador nos seus cálculos.

#### 2. Volume de obra contratada ou en execución

Presenta unicamente un listado (2 páxinas) de obras contratadas nos últimos anos (2012-2016). Non sinala cales delas ten contratadas (pendentes de execución) ou en execución.

Non presenta documentación que xustifique a relación existente entre as obras contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón, nin determina como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada: non aporta documentación.

Presenta un certificado de solvencia económica do Banco Pastor, S.A. que non é requirido no PCAP para a xustificación da oferta económica.

Sinalar que en toda a documentación presentada, o licitador non menciona o importe da súa oferta económica e tampouco expón un cálculo de como a obtén. Resulta certamente notable que a xustificación da oferta económica presentada non recolla, ou ao menos mencione, a propia oferta económica.

Ademais, o contido da xustificación é idéntico as outras xustificacións que presenta o licitador para os seguintes expedientes do PAS-2015 que se licitan simultaneamente, nas que unicamente se limita a substituír os seus títulos:

- Ampliación da rede de abastecemento en Sionlla de Abaixo (CON/33/2016): sinalar que segundo o informe técnico de 10/10/2016, o licitador non se atopa en situación de oferta económica con valor anormal ou desproporcionado.
- Acondicionamento e posta en valor de fontes e lavadoiros da zona do rural: Lobio, O Roxido, Santomil e Vilamaior (CON/34/2016).
- Remodelación do trazado da curva no vial M-8 Son de Abaixo-Ponte Alvar en Marzo de Arriba 17 (CON/35/2016).

A documentación aportada polo licitador é contraditoria coas súas afirmacións e consideracións, carece totalmente de calquera rigor técnico e en varios dos criterios previstos na cláusula 15.3.3 do PCAP non presenta a documentación requirida para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da súa oferta, polo que non permite un mínimo análise para su avaliación. Ademais, examinada globalmente, a documentación pode aplicarse xenericamente a calquera tipo de obra.

En conclusión, a vista do antedito, non pode informarse favorablemente a xustificación da oferta económica presentada polo licitador, polo que se propón á mesa de contratación a súa desestimación por ser anormal ou desproporcionada.



**MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.U.**

Procedese ao análise da documentación presentada polo licitador tendo en conta a documentación e as determinacións establecidas na cláusula 15.3.3 do PCAP:

**1. Xustificación dos prezos ofertados**

**A. Materiais**

**a) Compra**

Aporta unha carta de compromiso de Dielectro Industrial, S.A. de data 17/10/2016 por un período de validez de 2 meses na que se inclúe un listado de materiais con prezos detallados.

No informe técnico do Enxeñeiro Técnico Industrial municipal, sinálase o seguinte:

A empresa Manuel Novoa Castro S.L. presenta Xustificación de prezos ofertados incluíndo carta de compromiso dos provedores cos prezos de venda dos materias detallados , prezos da repercusión da maquinaria , oferta detallada por unidades de obra , xustificación do volume do obra e varios certificados emitidos por distintas administracións de obras similares a que se licita .

Examinada a documentación achegada pola empresa detectase que as luminarias sobre a que se fixo a oferta non son as que se indican no proxecto, non achegándose ningunha característica das mesmas , así tamén as lámpadas que se ofertan non son as mesmas , nin similares as que se indican no proxecto .

Polo tanto, os materiais que constitúen a unidade de obra principal (conxunto luminaria-lámpada) do proxecto, e que supón o 79,3% (52.147,44 € / 65.761,28 €) do seu orzamento de execución material, non cumpren as especificacións técnicas requiridas na licitación. En consecuencia, calquera estudo económico elaborado con ditos materiais non pode ser considerado a vista deste incumprimento.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): non aporta documentación.

**B. Maquinaria**

a) Aluguer e/ou contratación: non presenta documentación e manifesta que dispón de medios propios *"o que garante unha autonomía e minimiza a dependencia de medios externos"* pero non declara expresamente que os requira.

**b) Medios propios**

Manifesta dispor en propiedade da maquinaria que relaciona nun listado pero non aporta ningún tipo de documentación que acredite a propiedade desta maquinaria.

Non inclúe un estudo dos custos da maquinaria a utilizar na execución das obras (amortizacións, combustibles, consumibles, mantementos, condutores, seguros, impostos, etc.).

**C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico**

Presenta un cadro de prezos descompostos e un estudo de custos por unidades de obra, segundo o mesmo detalle que o orzamento do proxecto. Analizados os mesmos, sinálanse as seguintes consideracións:

- Para os prezos establecidos de man de obra e de maquinaria non aporta ningún tipo de documentación ou estudo de custos que permita avaliar se estes prezos son certos.
- Para os rendementos indicados de man de obra e de maquinaria non aporta ningún tipo de documentación ou estudo de custos que permita avaliar se estes rendemento son reais, como por exemplo un programa de traballos detallado.
- Os materiais que constitúen a unidade de obra principal (conxunto luminaria-lámpada) do proxecto non cumpren as especificacións técnicas requiridas na licitación.
- Os medios auxiliares (maquinaria, útiles, ferramentas, etc.) e o pequeno material os considera incluídos en na oferta económica. Nembargante, os prezos utilizados son os de adquisición e non están incrementados nun determinado porcentaxe.
- Os custos indirectos das unidades de-obra os considera incluídos nos gastos xerais da empresa.
- Establece un porcentaxe de gastos xerais do 9% e procede a xustificalos cara atrás.
- Establece un porcentaxe de beneficio industrial do 3%. Este porcentaxe é de absoluta liberdade de elección do licitador.

## 2. Volume de obra contratada ou en execución

Presenta unha relación simple de 6 obras en execución sen indicar o seu orzamento. En consecuencia non aporta o "volume" de obra contratada ou en execución e, polo tanto, non xustifica a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón, nin determina como incide esta relación nos prezos ofertados.

No apartado 3 presenta unha declaración na que manifesta xenericamente que ten 8 obras en execución por un importe base de 420.000 €. A descoordinación entre a documentación presentada é evidente (¿6 ou 8 obras?).

## 3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Presenta unha declaración responsable global de volume de obra en execución que non concorda coa relación incluída no apartado 2.

Respecto a nómina do persoal laboral fixo presenta unicamente a correspondente ao mes de setembro de 2016 dun oficial de 1ª, pero non xustifica a relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada.

Presenta o certificado de clasificación e de inscrición no rexistro estatal de contratista de obras e 7 certificados de boa execución (1 repetido) de obras de alumeados e instalacións eléctricas que non son requiridos no PCAP para a xustificación da oferta económica.



En conclusión, a vista do antedito e polo incumprimento das especificacións técnicas requiridas para os materiais previstas no proxecto, non pode informarse favorablemente a xustificación da oferta económica presentada polo licitador, polo que se propón á mesa de contratación a súa desestimación por ser anormal ou desproporcionada.

**Expediente:** *Obras de "Obras de "Modernización das instalacións de alumeado público en: Busto, Figueiras, A Gracia, Grixoa, A Peregrina e San Xoán de Fecha" incluídas no PAS-2015*

**Asunto:** *Análisis das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados*

---

## INFORME TÉCNICO

No informe do Enxeñeiro de Camiños Municipal D. Miguel Fernández Solís de data 10 de Outubro de 2.016 no que se analizan as ofertas presentadas por as empresas concursantes nas "Obras de Modernización das instalacións de alumeado público en: Busto, Figueiras, A Gracia, Grixoa, A Peregrina e San Xoán de Fecha, ( PAS-2015 ), establece a necesidade de que dúas das empresas concursantes teñan que xustificar súas ofertas ao apreciarse un carácter desproporcionado ou anormal nas mesmas . Para elo , segundo o sinalado na cláusula 15.3.3 do PCAP, serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal dunha oferta os seguintes, para os que se deberá presentar a documentación relacionada:

### 1. Xustificación dos prezos ofertados

#### A. Materiais

##### a) Compra

- Carta de compromiso dos provedores.
- Prezos detallados.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

#### B. Maquinaria

a) Aluguer e/ou contratación: relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos.

b) Medios propios: relación detallada da maquinaria.

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

### 2. Volume de obra

Neste caso, o licitador que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados deberá xustificar a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

### 3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Xustificarase mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.

Ademais do sinalado no PCAP, O Enxeñeiro de Camiños Municipal ,solicitou que **sexa** incluído nos requirimentos aos licitadores que *“só se aceptarán como elementos a avaliar das xustificacións presentadas aqueles que estean acreditados e debidamente documentados”*.

Con data 18 de Outono de 2.016 , as empresas, Manuel Novoa Castro SLU y EXCOMEL ( Excavaciones y Obras Melchor S.L. ) presentan as documentacións polo medio das nas cales xustifican as baixas desproporcionadas .

Analizadas as mesmas polo técnico que subscribe informase o seguinte :

A empresa EXCOMEL , apenas achega parte da documentación que se lle solicita, limitándose a xustificar os prezos ofertados de man de obra e maquinaria , ( non os dos materiais ), a dispoñibilidade dos medios e equipos , un Certificado de Solvencia Económica, e unha relación de obras feitas nos últimos anos nas cales non aparece algunha que teña un mínimo parecido ca obra que se licita .

A empresa Manuel Novoa Castro S.L. presenta Xustificación de prezos ofertados incluíndo carta de compromiso dos provedores cos prezos de venta dos materias detallados , prezos da repercusión da maquinaria , oferta detallada por unidades de obra , xustificación do volume do obra e varios certificados emitidos por distintas administracións de obras similares a que se licita .

Examinada a documentación achegada pola empresa detéctase que as luminarias sobre a que se fixo a oferta non son as que se indican no proxecto, non achegándose ningunha característica das mesmas , así tamén as lámpadas que se ofertan non son as mesmas , nin similares as que se indican no proxecto .

A os efectos oportunos

O Enxeñeiro Técnico Industrial Municipal



Asdo.: Pedro R. Sánchez Mariño

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2016



<i>Dependencia</i> CON.- Negociación de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10112E	<i>Expediente</i> CON/32/2016	

15078DCON10112ED



### ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Execución das obras do Proxecto de modernización das instalacións do alumeadado público en: Busto, Figueiras, A Gracia e outras (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS)).

**TIPO DE LICITACIÓN:** 65.761,28 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 22 de novembro de 2016, ás 9:30 Horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal

**Vocais:** D. Jorge Duarte, representante do grupo CA.  
D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
Dna. Luisa Prego de Oliver López, xefa da asistencia xurídica, en substitución do director da asesoría xurídica

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **COPCISA SA**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9.35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**  
**O PRESIDENTE DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**

